



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación inicial do suplemento de crédito 2/2023

EDICTO

Aprobación inicial do suplemento de crédito 02/2023

O Pleno Municipal do Concello de Rianxo, na sesión extraordinaria do 09/06/2023, acordou aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito 02/2023 para o financiamento a través do remanente de tesourería para gastos xerais de achegas vinculadas a diversos investimentos e do préstamo provincial do POS 2023, dunha amortización extraordinaria de préstamo bancario. Un dos investimentos afectados está financiado con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

En cumprimento dos artigos 177.2 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público na Secretaría do concello, polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edito no BOP, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Para a modificación vinculada ao investimento financiado con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

A disposición adicional sétima do Real Deceto-lei 36/2020, do 30 de decembro, modificada pola disposición final 31.8 do Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo introduce unhas disposicións específicas na xestión dos créditos orzamentarios das entidades locais, destinados a proxectos financiados con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Segundo este precepto, a aprobación inicial deste suplemento de crédito é inmediatamente executiva, sen prexuízo das reclamacións que se promovan contra ela. As reclamacións deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes aos da súa presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución dentro do dito prazo.

Para o resto de modificacións do expediente aplicárase o réxime xeral, de modo que, de non presentarse ningunha reclamación, o acordo elevarase a definitivo.

Rianxo, 16 de xuño de 2023

O alcalde en funcións,

Adolfo Muños Sánchez

2023/4871